

Muller, exilio e novela en Galicia

Rodríguez González, Olivia¹

Departamento de Filoloxía Española e Latina

Universidade da Coruña

olivia@udc.es

RESUMO. O traballo analiza con enfoque comparado un corpus de catro novelas sobre o exilio republicano de 1939 relacionadas coas mulleres de Galicia. Dúas delas foron publicadas por escritoras que viviron o exilio uns vinte anos despois do inicio da diáspora. As outras dúas foron editadas recentemente en galego por autores que crearon personaxes a partir de figuras de exiliadas galegas reais. Expóñense as experiencias vitais e amósanse trazos e citas dos textos antes de chegar ás conclusións.

PALABRAS CLAVE: exilio, Galicia, novela, escritoras, personaxes

1. – Introducción

Ofrécese neste traballo unha escolma de novelas da literatura española e da literatura galega relacionadas co exilio das mulleres. Escóllense dúas obras que teñen como autoras mulleres galegas que experimentaron o exilio republicano tras a guerra civil (1936-1939): *Los que se fueron* (1957), de Concha Castroviejo; e *Tres tiempos y la esperanza* (1962), de María Victoria Villaverde². Selecciónanse a continuación dúas novelas que teñen como personaxes mulleres galegas que sufriron a mesma experiencia por causa da guerra, e que tamén destacaron pola súa contribución á historia artística e política: *Memoria de ciudades sen luz* (2008), de Inma López Silva; e *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello.

Como se observa polas datas de edición, os marcos temporais que delimitan o campo de estudo son os anos inmediatamente posteriores á guerra civil e os inmediatamente anteriores ao momento actual, ano 2014.

O obxectivo é mostrar a través destes “estudos de caso”, en dous momentos da nosa historia cultural, o papel que a literatura, e máis concretamente a narrativa, cumpre como guíeira dos procesos de recuperación e reivindicación da memoria das mulleres na diáspora.

1 Coordinadora da Unidade de Investigación *Comptextra*. Titular de Teoría da literatura e Literatura comparada. Este traballo elaborouse no marco do Proxecto de Investigación “Ex-sistere. A mobilidade das mulleres na literatura galega e irlandesa contemporánea” (FFI2012-35872 - FEDER).

2 Na primeira edición aparecía deste xeito o nome da autora. Na reedición en 1987 por O Castro, asina María Victoria de Valenzuela. Finalmente, na versión en galego con engádegas, de 2002 en A Nosa Terra, recupérase o nome persoal e privado de Mariví Villaverde.

Desde un enfoque metodolóxico propio da literatura comparada, advertimos converxencias e diverxencias entre as obras con respecto ao tratamento do tema do exilio, a representación identitaria da muller e as vidas reais ou noveladas.

2. – Estudo de catro casos

2.1. Concha Castroviejo Blanco-Cicerón, escritora (Compostela, 1910-Madrid, 1995)

Pertenceu a unha familia culta e acomodada: o pai, Armando Castroviejo, era profesor da USC. O irmán, José María Castroviejo, chegaría ser escritor moi popular desde a posguerra, onde militaría na Falanxe, canda Álvaro Cunqueiro e outros periodistas de *El Pueblo Gallego*.

Concha Castroviejo, que estivera de nena nun colexio de monxas dos Praceres (Marín), non puido proseguir os estudos ata despois da morte do pai, porque este lle impediu mesmo cursar o bacharelato, xa que era contrario á educación regrada das mulleres. Licenciouse finalmente en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, e proseguiu os estudos na Universidade de Burdeos, onde se especializou en antropoloxía. Exerceu como docente e obtivo o título de periodista na Escola Oficial do franquismo. Foi membro da Asociación Internacional de Críticos Literarios.

A finais de 1937 logra chegar a Francia viaxando en compañía do industrial Gaspar Massó. De aí pasa a Valencia para casar con Joaquín Seijo Alonso, matemático que coñecera na Universidade. Despois de esperalo en Barcelona, pois estaba a combater na Fronte do Ebro, marcha con el ao exilio, primeiro en Francia e logo en México.

Concha volve en 1949, tan só acompañada dunha filla pequena. En Santiago é acollida en *La Noche* de “Borobó” (Raimundo García Domínguez) e Francisco Fernández del Riego, onde publicou crítica literaria baixo o pseudónimo de “Asela”. Na década dos 50 dá a coñecer a súa obra literaria: dúas novelas -quedou unha terceira inédita- e varios libros de literatura infantil aparecidos a maioría deles na colección “La Ballena Alegre” da editorial Doncel, que a premia en 1960 por *El jardín de las siete puertas*. En *Los días de Lina* recrea os seus longos veráns de nena na comarca do Ulla. Tamén é autora dunha *Guía das Rías Baixas* e de artigos na cabeceira devandita, e mais en *Chan*, *Informaciones*, *Hoja del Lunes*, *Ínsula* e, despois da Ditadura, en *Grial* e outras revistas especializadas.

Los que se fueron (Planeta, 1957), é unha das primeiras novelas que tratan o tema do exilio republicano na España interior. A obra xa estaba escrita en 1952, pois fora presentada ao Premio Nadal. O argumento iníciase coa saída apresurada polos Pirineos dos intelectuais, os mandos e as últimas autoridades da II República e as súas familias, en febreiro de 1937. A maioría dos personaxes amosan no nome a súa orixe galega: Lens, Casal, Noya, Ares, ..., o que fai pensar nunha fonda pegada autobiográfica na novela.

Aparecen desde o comezo as mulleres de clase media a punto de coñecer un mundo onde as diferenzas sociais se neutralizan polo terror bélico e a necesidade dunha axuda exterior que non chega e que incita a solidariedade entre todos. Carmen Vial, muller dun militar, reúne na súa casa de Figueres un grupo de amigos antes da saída de España. Nesta personaxe, como na Beatriz Tiche universitaria, namoradeira, irreflexiva á hora de casar, e sempre independente, poden verse riscos autobiográficos da autora.

A mirada de Concha Castroviejo sobre as mulleres e os nenos nos campos de concentración franceses á beira do mar, onde van morrer as esperanzas dos refuxiados españois que imaxinaban un recibimento distinto, dá protagonismo e voz a uns personaxes que desaparecen ou son tratados doutro xeito polos seus colegas autores de novelas do exilio. A seguinte cita sobre o aumento da mortandade de nenos polo esgotamento e a enfermidade en campos como Argelès-sur-Mer é un bo exemplo do afirmado:

Las madres habían aprendido a ocultarse. No creían nunca que aquel suspiro de sus niños fuese el último, y si era el último, ¿no les quedaría el derecho de guardarlos en sus brazos, el último consuelo de besarlos y permanecer asomadas a los ojos sin vida esperando que aún reflejasen las lágrimas, que guardasen el último homenaje de aquel dolor desesperado? (...)

Un coro de callada tristeza rodeaba a las madres que lloraban a sus hijos, y un clamor alto y hondo, tan fuerte como las fuerzas de la naturaleza, acompañaba el cortejo de la muerte.

Cuando el carro emprendía la marcha, algunas mujeres enloquecidas se abalanzaban sobre los guardias. Las voces castellanas restallaban como un látigo en la queja y en el insulto:

-¡Es mi hijo! ¡No tienen derecho a quitármelo...!

-Puedo enterrarlo aquí... Puedo enterrarlo yo... ¡Démelo!

-No quiero que me lo lleven a una sala de disección... Allí van a parar. Por eso nos lo quitan a la fuerza...

-¡Ladrones! ¡Hijos de puta! ¡Malditos...!

Entre insultos y sollozos sonaban las súplicas. Con una voz opaca, seca de lágrimas, una mujer decía:

-Mi niña está aún caliente: déjemela que se me enfríe en los brazos. Se la daré mañana, se lo prometo... Pero no me la quite hoy...

Era necesario contener la desesperación y la locura. Cuando las puertas se cerraban tras el montón de cadáveres, pegado a las alambradas, en un clamor de tierra y de sangre, el alarido se extendía sobre la muerte y sobre la estúpida maldad de los hombres (Castroviejo, 2009: 65-66).

2.2. Mariví Villaverde, escritora (Vilagarcía de Arousa, 1922)

Vivió nun ambiente de burguesía ilustrada ata que estourou a guerra. O pai, Elpidio Villaverde, foi deputado por Izquierda Republicana e o derradeiro alcalde republicano de Vilagarcía de Arousa. Tivo que fuxir a Portugal os primeiros días da guerra, mentres na casa familiar, as tías de Mariví sofren vexacións e agresións por parte dos falanxistas, de xeito que a nai decide fuxir con ela e os irmáns a Francia e reunirse co marido. Chegan a Marsella no mesmo ano 1936. Mentres Mariví e os irmáns quedan nun internado, os pais viaxan a Valencia e viven os últimos momentos da República. Ao empezar a 2ª Guerra Mundial, Mariví viaxa coa súa familia a Arxentina, no primeiro barco con refuxiados españois que parte para América.

Volve ela soa a Galicia en 1945 para casar con Ramón de Valenzuela, daquela en liberdade vixiada. En 1949, con dous fillos, exílianse de novo a Buenos Aires. Regresa a España en 1966 con Valenzuela, e xuntos levan a cabo traballos para o Partido Comunista na clandestinidade. Mariví Villaverde apoiou as tarefas de escritor do marido, de maneira que moito do seu traballo pasa desapercibido: preparación de clases, traducións, participación no Teatro Galego da Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires, e co-dirección xunto a Arturo Cuadrado, da revista *Galicia*, onde se publicaron os seus artigos.

En Buenos Aires publicou en 1962 as memorias noveladas *Tres tiempos y la esperanza* (Alborada), que foron ampliadas na versión en galego de 2002 en *A Nosa Terra*. Vexamos un fragmento sobre a perda da República e a sangría do exilio, seguido do momento en que o barco cargado de desterrados atraca no porto bonaerense:

A miña irmá empezou a traballar no Consulado. Acoden continuamente a el refuxiados de todas as partes. A fronte de Aragón caeu. Chegan tamén feridos, entre eles unha muller coa columna vertebral rota. Viaxou durante horas coa cabeza suxeita por dúas almofadas.

Viñeron tamén uns rapaces amigos escapados de Galicia. Ao seu pai fusilárono os primeiros días (Villaverde, 2002: 172).

O noso barco foi o primeiro que chegou á Arxentina despois de empezar a guerra. Agardábanos moita xente. Case todos os pasaxeiros eran refuxiados. Só uns cantos, arxentinos que apuraban o seu regreso por mor da guerra. Un diario importante publicou un folletín por entregas sobre a nosa viaxe. Nós

tamén iamos ter a nosa aventura americana, pero coa única diferenza de que non viñeramos gañar prata, viñamos só esperar (Villaverde, 2002: 174).

2.3. María Casares como personaxe literaria (A Coruña, 1922- La Vergne, France, 1996)

O pai de María Victoria Casares Pérez, Santiago Casares Quiroga, era Ministro da Guerra en 1936, de xeito que se exiliou en 1939 e pasou o resto do tempo tratando de evitar que o matasen os espías fascistas. María Casares non volveu nunca máis á cidade natal que borrou o rexistro familiar e acabou destruindo o pai. En París fórmase como actriz, e chega a ser unha das máis admiradas da escena e o cine francés, pasando da *Comédie Française* ao *Théâtre National Populaire*; e debutando na pantalla con *Les enfants du Paradis* (1945), nunha carreira incansable ata o último filme, *Histoires du cinéma* (1996).

Co escritor Albert Camus, unha das súas parellas máis amadas, traballou na defensa do exilio republicano. Viaxou varias veces a Buenos Aires para representar a Lorca e Valle Inclán, entrando en relación con exiliados galegos como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Luís Seoane e o actor *Tacholas*. Só regresou a Madrid en 1976 para actuar en *El adefesio* de Rafael Alberti. Á volta a Francia, publicou as memorias *Résidente privilégiée* en 1980 (existen versións en castelán e en galego).

É unha das personaxes de *Memoria de ciudades sen luz* (Galaxia, 2008) de Inma López Silva. Vexamos dous momentos claves da súa historia: cando actúa en Buenos Aires perante a comunidade exiliada, e tras a morte de A. Camus en accidente de tráfico en 1960:

Era a Vitoliña que tivera que exiliarse co seu pai, que morreu abraiado polo que lles pasara a todos. María era a que lles demostraba que triunfar aínda era posible, a pesar de todo. "Os aplausos a María eran os aplausos a todo aquilo polo que tivemos que converternos en fuxitivos, María, Lucía, os exiliados de Buenos Aires e mais eu" (López, 2008: 230).

(...) María comezaba a preguntarse quen era ela sen Camus, que facía ela en París sen el e en que consistía a súa vida se o seu home (como ela lle dicía sempre) xa non lle ía facer o amor. Supoño que foi por todo iso que María empezou a ir cada vez máis a unha casa que tiña en La Vergne, un lugar que construíu a imaxe e semellanza de Galicia. Alí, sen ningunha dúbida, María permitíase pensar de vez en cando se non sería unha boa idea volver e mirar como era todo un cuarto de século despois (López, 2008: 244).

2.4. Mercedes Núñez Targa como personaxe literaria (Barcelona, 1911- Vigo, 1986)

De pai galego, e nai catalá. A familia rexenta unha xoiería en Barcelona. O pai, orixinario de Bergondo (A Coruña) forma parte da directiva do Centro Galego de Barcelona, que hai poucos anos homenaxeou esta muller sempre indómita e entregada á causa do pobo.

Mercedes nena rebélase contra a imposición dunha educación *para señoritas* e comeza moi nova a traballar nun laboratorio de cine. Pertencerá a varias asociacións deportivas e culturais de enorme importancia na Barcelona da época. En 1934 traballa como secretaria de Pablo Neruda, que ese ano exerce como cónsul de Chile na cidade, antes de marchar a Madrid. En 1936 inicia a militancia comunista no PSUC. É detida na Coruña en 1939, onde a destinara o Partido para a reorganización da rede galega despois da derrota da II República. Sae do cárcere de Ventas en 1942. Foxe a Francia e colabora coa Resistencia. A Gestapo encerra en 1944 no campo de concentración de Ravensbruck. Liberada en 1945, cando está enferma e a punto de ser gaseada polos nazis, escribirá varios libros de memorias sobre as súas terribles experiencias.

Aparece recreada como personaxe en *Laura no deserto* (Galaxia, 2011) de Antón Riveiro Coello. Na seguintes citas o autor revive a chegada da prisioneira e os primeiros días no campo de concentración:

A mala noticia foi que, ao baixardes do tren, non era precisamente auga o que vos esperaba senón a rabia común de cans policía e soldados alemáns das SS que vos fixeron formar e aliñaron os vosos medos nunha selección de xénero que realizaba un home louro e alto coma un fungueiro. Coa fusta na man, a xeito de batuta, mandou os homes a un lado e as mulleres a outro (Riveiro, 2011: 483).

O feito de estardes espidas á intemperie tanto tempo, avergoñárvos e metérralles a pulmonía a moitas presas, mais tamén borrara os prexuízos e rematara por vos unir un chisco máis. O que agora queriades era estar a soas porque descoñeciades, interesábovos descoñecer, os labirintos deste inferno, apenas apuntados por esa presa políglota que traduciu a varios idiomas as instrucións dun oficial, un claro aviso dos perigos que caían sobre vós se non atendiades as ordes e gardabades unha estrita disciplina." (Riveiro, 2011: 488).

3. – Conclusións

Tras unha análise comparada de experiencias vitais, e de obras das que extractamos citas de momentos narrativos clave, de motivos coincidentes e de trazos autobiográficos, podemos concluír o seguinte, en relación á presenza da muller galega no exilio novelado:

As exiliadas comparten clase, formación, reacción ante o patriarcado e un abano ideolóxico entre o republicanismo liberal e o comunismo. En distintos graos, viven unha dura experiencia. Se hai retorno, a motivación non é a mesma.

As obras oscilan entre as memorias e as novelas documentais, con varios graos de ficcionalización e auto/biografismo.

As primeiras novelas son purgativas e testemuñais. As recentes loitan contra o esquecemento imposto.

Son exemplos ilustrativos do afortalecemento da identidade da muller como personaxe público, histórico e literario.

Bibliografía

Castroviejo, Concha (2009): *Los que se fueron*, Ediciones del Viento, A Coruña.

Consello da Cultura Galega, *Álbum de mulleres*, <http://www.culturagalega.org/album/> Consultado 23/05/2014.

López Silva, Inma (2008): *Memoria de ciudades sen luz*, Galaxia, Vigo.

Marco, Aurora (2007): *Diccionario de mulleres galegas (Das orixes a 1975)*, A Nosa Terra, Vigo.

Riveiro Coello, Antón (2011): *Laura no deserto*, Galaxia, Vigo

Villaverde, Mariví (2002): *Tres tempos e unha esperanza*, A Nosa Terra, Vigo. (Versión galega do orixinal en castelán).